



BOP

XOVES, 4 DE XUÑO DE 2020

N.º 127

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA – 12 DE XULLO DE 2020

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE LUGO

Anuncio

EXPEDIENTE GUBERNATIVO: 219/20

ANA BELÉN CAJOTO BERDEAL, SECRETARIA DE LA JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE LUGO

Conforme a lo acordado en el presente expediente gubernativo, se procede a la **rectificación del error** cometido en la certificación de la composición de la Junta Electoral de Zona de Lugo publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de fecha 27 de mayo de 2020 y para su constancia **CERTIFICO** que:

La Junta Electoral de Zona de Lugo para la celebración de las elecciones al Parlamento de Galicia convocadas por Decreto 72/2020, de 18 de mayo, de convocatoria de elecciones, publicado en el Diario Oficial de Galicia de 19 de mayo y que tendrán lugar el día 12 de julio de 2020, está compuesta por los siguientes miembros:

PRESIDENTE: Ilmo. Sr. D. José Luis Deaño Rodríguez, Magistrado-Juez del Juzgado de Primera Instancia Nº 5 de Lugo.

VOCAL: Ilma. Sra. D^a Sandra María Piñeiro Vila, Magistrada-Juez del Juzgado de Instrucción Nº 2 de Lugo.

VOCAL: Ilmo. Sr. D. Sergio Orduña Alonso, Magistrado-Juez del Juzgado de Instrucción Nº 3 de Lugo.

SECRETARIA: D.^a Ana Belén Cajoto Berdeal, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de Vigilancia Penitenciaria Nº3 de Galicia y del Decanato de los Juzgados de Lugo.

Y para que así conste, se expide la presente para conocimiento público, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 14.3 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, en Lugo a 1 de junio de 2020

LA SECRETARIA DE LA JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE LUGO.

R. 0999

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PARA DOUS POSTOS DE TRABALLO DE PEON MEDIOAMBIENTAL E UN POSTO DE ALBANEL

Pola Xunta de Goberno Local do 28 de maio de 2020 aprobanse as bases que rexerán a convocatoria para a contratación laboral temporal mediante o sistema de concurso, de dous (2) postos de traballo de peon medioambiental e un (1) posto de albanel. Os contratos terán unha duración de catro meses, vinculados á tempada de verán no concello de Barreiros.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamen poderán presentarse a través da sede electrónica municipal (barreiros.sedelectronica.es) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases. As persoas interesadas en presentar presencialmente a documentación deberán chamar antes ó concello para solicitar cita para dita presentación.

Bases dos postos de selección: publicadas na páxina web do concello www.concellodebarreiros.com e no Taboleiro de anuncios do concello.

Barreiros, 29 de maio de 2020.- **A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.**

R. 1007

Anuncio

LICITACIÓN DE CASETA PARA INFORMACIÓN Ó VISITANTE E PROMOCIÓN DE PRODUCTOS ARTESÁNS.

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 28 de maio de 2020, acordase reiniciar o procedemento de licitación que rexerá a concesión do uso privativo do dominio e uso público municipal para a explotación e mantemento dunha caseta para información ó visitante e promoción de produtos artesáns.

Prazo de presentación de instancias: **DEZ DÍAS NATURAIS** a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:00 a 14:00 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros- Rúa Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamén poderán remitirse por correos, pero nese caso deberán enviar, antes de que finalice o prazo de presentación de ofertas, un fax co xustificante do envío por correo.

Os pregos e os modelos de documentos a presentar están íntegramente publicados na sede electrónica do concello <https://barreiros.sedelectronica.es>, (no apartado tablón de anuncios), no taboleiro de anuncios físico do concello e na páxina web municipal www.concellodebarreiros.com.

Calquera dúbida poden contactar con secretaria en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres no concello, telefónicamente (982124002) ou no correo electrónico secretaria@concellodebarreiros.com

Barreiros, 29 de marzo de 2020.- **A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.**

R. 1008

BÓVEDA

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía núm. 2020-0260 de data 2805/2020, aprobouse a contratación da praza denominada Traballador/a Social, en réxime laboral temporal, polo sistema de concurso de méritos.

Na sede electrónica [<http://concellodeboveda.sedelectronica.es>] aparecen íntegramente publicadas as bases que deben rexer a convocatoria para a contratación da praza.

Achéganse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

BASES QUE HAN DE REXIR NA CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO, E URXENTE CONTRATACIÓN TEMPORAL, PARA CUBRIR INTERINAMENTE, EN RÉXIME DE CONTRATACIÓN LABORAL, A PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE BÓVEDA, EN TANTO SE MANTEÑA A SITUACIÓN DE ITL DA ACTUAL TRABALLADORA SOCIAL.

1º.- OBXETO DA CONVOCATORIA

1.- **O Obxecto da presente convocatoria** é a creación dunha Bolsa de Emprego temporal para a cobertura de vacantes, substitucións transitorias, acumulación de tarefas ou execución de programas específicos en relación co posto de traballo de Traballador(a) Social, clasificado no Grupo I/II. Titulados/as Diplomatura/superiores.

O presente proceso selectivo ten a súa base na urxencia de acudir á contratación temporal dun Traballador(a) Social debido á necesidade perentoria derivada da baixa por incapacidade temporal laboral da profesional que desempeña ditas tarefas.

2.- **As funcións a desenvolver** serán as propias do posto de traballo da Relación de Postos de Traballo do concello de Bóveda, que a seguir se relacionan:

1. Tarefas ou cometidos específicos

1. Planificación xeral e dirección da implementación das políticas sociais mediante o deseño das estratexias adecuadas.

2. Elaboración e presentación de plans de actuación xeral, xunto aos seus correspondentes ante-proxectos e proxectos, ademais de orzamentos e rendición de contas aos órganos e superiores xerárquicos que correspondan.

3. Organización e dirección dos equipos profesionais de traballo ao seu cargo.

4. Representación, por delegación, da institución, e relación con institucións similares.

5. Deseño, seguimento, coordinación, interpretación e diagnose da avaliación das accións, do proceso e do seu impacto.

6. Elaboración de normativas sociais no ámbito competente.

7. Establecemento, deseño, seguimento e coordinación de colaboraciónes.

2. Cometidos complementarios:

Calquera outros que, en relación cos anteriores e, encadrado nas funcións xerais, sexanlle encomendados pola Concellería-delegada correspondente e ou Alcaldía.

- Xestor de programas e proxectos

A modalidade do contrato é a regulada polo artigo 15.1,c) do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro. O carácter do contrato é temporal, e en réxime de dedicación a tempo completo de 37,30 horas semanais, fixando como días de descanso o Sabado e domingo. O horario de traballo será de 08:00 a 15:30, con horario flexible.

Fíxase una retribución bruta de 1825,72 €/mes (*non inclúe o prorrateo das pagas extraordinarias*).

3.- A pertenza á bolsa non supoñerá existencia de relación xurídica algunha entre o/a aspirante e o Concello de Bóveda ata que non sexa chamado para ocupar un posto de traballo e formalícese a relación contractual de duración determinada.

4.- A bolsa de traballo terá unha duración de CATRO anos desde a data de publicación da lista definitiva de integrantes da bolsa.

2º.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de selección é o de concurso de méritos, que consiste en valorar, de acordo co baremo incluído na convocatoria, determinadas condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia, etc. relacionados coas características da praza que se cobre.

3º.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española, ou a dalgún dos estados membros da Unión Europea. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

O acceso ao emprego público estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación dos traballadores.

b) Ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

a) Ser español ou presenta-la condición de nacional dun Estado membro da Unión Europea.

b) Ser maior de dezaseis anos, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa..

c) Estar en posesión do Título de Diplomado en Traballo Social ou Asistente Social.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título.

d) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes.

e) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso en causa algunha de incapacidade establecidos na Lexislación vixente.

g) Contar con certificado electrónico de persoa física en vigor.

Tódolos requisitos anteriores deberanse reunir o día que finalice o prazo de presentación de instancias e durante o proceso de selección ata o momento do nomeamento.

4º.- SOLICITUDES

1.- Quen desexe tomar parte nestas probas selectivas deberán presentar cuberto o documento de *"Solicitud para participar na Bolsa de Traballo para a cobertura do posto de Traballador/a Social mediante o sistema de concurso"*, conforme a modelo oficial, que figura no apartado correspondente da sede electrónica deste Concello:

[<http://concellodeboveda.sedelectronica.es>] *"Tramites destacados"*

2.- As solicitudes requirindo tomar parte no correspondentes proceso de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeneral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

3.- As bases íntegras publicaranse igualmente na sede electrónica deste Concello [<http://concellodeboveda.sedelectronica.es>].

4.- Na instancia farase constar que reúne tódolos requisitos esixidos na BASE TERCEIRA^a da convocatoria e deberá acompañala documentación orixinal ou fotocopia compulsada que acredite os méritos a computar para o concurso. Debendo tamén adxuntarse unha fotocopia do D.N.I.

5.- O modelo oficial da instancia solicitando participar no concurso de méritos se publicará sede electrónica deste Concello [<http://concellodeboveda.sedelectronica.es>] *"Tramites destacados"*

6.- Para os efectos de mellorar a axilidade da localización das persoas aspirantes na solicitude, deberanse consignar dous medios polos que se solicite ser localizada a persoa: teléfono móbil ou fixo e correo electrónico, quedando obrigadas a indicar as variacións dos mesmos.

O horario de presentación de instancias e documentación será de 8:30 a 14:30 horas, de luns a venres

5º.- ADMISION DE ASPIRANTES.

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo de máximo de 15 días, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. En devandita resolución, que se publicará na sede electrónica deste Concello <http://concellodeboveda.sedelectronica.es> e, no Taboleiro de Anuncios, sinalarase un prazo de dez días hábiles para emenda.

Transcorrido o prazo de emenda pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica deste Concello [<http://concellodeboveda.sedelectronica.es> e, no Taboleiro de Anuncios. Igualmente publicaranse a data na que efectuará a baremación de méritos e a entrevista persoal.

6º.- COMPOSICION E ACTUACION DO TRIBUNAL

1.- A designación dos membros do Tribunal, titulares e suplentes, farase na resolución da Alcaldía pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que fixará tamén a data e a hora na que deberá constituírse o tribunal e dar comezo as probas selectivas. Na composición da Tribunal promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes nos termos establecidos na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

2.- O Tribunal cualificador estará composto por un Presidente/a, un Secretario/a e catro (4) vogais. Todos os/as vogais deberán contar con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza, e polo menos a metade máis un dos membros terá unha titulación correspondente á mesma área de coñecementos. O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente/a e do secretario/a.

3.- Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollo á autoridade competente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas. Asemade, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as ditas circunstancias, consonte ao artigo 24 da mesma lei.

4.- Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maiorí

5.- A efectos de percepción de asistencias, o Tribunal terá a categoría segunda (2ª) das sinaladas no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7º.- ACTUACION DO TRIBUNAL

- a) Tódolos membros do Tribunal terán voz e voto agás o Secretario que terá so voz.
- b) O Tribunal non poderá constituirse nin actuar sin asistencia de, polo menos, a metade dos seus membros; exceptúase o que actúe de Secretario.
- c) O Tribunal poderá en calquer momento dirixirse ós aspirantes para que acrediten a súa identidade.
- d) O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que xurdan e para tomar os acordos necesarios para o desenvolvemento das probas, e todo o non previsto nestas bases.
- e) O Tribunal levantará acta de todas as súas sesións, nas que constarán de forma clara e detallada os criterios de valoración de méritos, así como de deliberación dos asuntos da súa competencia e nas que expoñerá con claridade suficiente a motivación das súas decisións.
- f) As resolucións do Tribunal vincularán á mesma e á administración, que só poderá revisalas polos medios e procedementos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8º.- DO CONCURSO

Presentaranse copias dos méritos para valorar e teranse en conta os seguintes méritos: experiencia en postos de traballo na Administración pública e en empresas públicas ou privadas, titulacións académicas, cursos de formación, cursos de formación, Participación activa en Cursos relacionados directamente coa actividade a desenvolver, Publicacións relacionadas directamente coa actividade a desenvolver

A puntuación máxima de puntos é de 30 puntos.

A puntuación máxima dos méritos é de 29,25 puntos.

Os aspirantes valoraráselles os méritos aducidos e acreditados, a ser posible mediante certificación fehaciente. Os méritos non xustificados non serán valorados.

9º.- CALIFICACIÓN DE MÉRITOS

1.-Experiencia Profesional: Puntuación máxima 11 puntos, desagregados da seguinte forma:

1.1.- Experiencia Profesional remunerada: Puntuación máxima por este concepto 9,6 puntos.

1.1.1.- Na Administración: 0,25 puntos por mes ata 7,4 puntos.

1.1.2.- Na Iniciativa Privada: 0,15 puntos por mes ata 3,6 puntos.

1.3.- Os servizos prestados deberán acreditarse coa seguinte documentación:

1.3.1. No caso de profesional que traballa por conta allea, mediante informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (só admitirse o informe expedido, como máximo, no mes anterior á convocatoria) achegando inexcusablemente copia dos contratos.

1.3.2. No caso de profesional que traballa por conta propia, mediante fotocopia do pago do IAE e fotocopia das declaracións trimestrais dos pagos a conta do IVE/IVE ou IRPF ou mediante informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (só admitirse o informe expedido, como máximo, no mes anterior á convocatoria).

1.3.3. Por traballar nunha Administración pública, mediante unha relación administrativa ou laboral de natureza definitiva ou temporal, en posto de traballo de traballador/a social, deberá acreditarse mediante certificado de servizos prestados expedido polas unidades de persoal correspondentes e informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (só admitirse o informe expedido, como máximo, no mes anterior á convocatoria).

A este respecto, non se terán en conta as fraccións de tempo inferiores a un mes completo.

1.3.4. Respecto a os servizos prestados e alegados polas persoas aspirantes no Concello de Bóveda, serán comprobados de oficio. Se se prestaron e non foron alegados, non se computarán.

2.- Asistencia a Xornadas, Cursos, directamente relacionados coas funcións do posto de traballo: Puntuación máxima por este concepto 6 puntos.

Só valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento, congresos, seminarios ou xornadas técnicas, cuxo contido teña relación directa coas funcións para desenvolver no posto de traballo, que fosen cursados ou impartidos pola persoa interesada, cuxo contido se considere de aplicación transversal a toda a organización, tales como calidade, igualdade de xénero, prevención de riscos laborais, participación cidadá, recursos humanos, promoción da saúde, protección de datos, procedemento administrativo, contratación e coñecementos de ofimática e informática, recibidos ou impartidos, que fosen convocados por calquera servizo de emprego

público dependente da Administración do Estado, ou de calquera comunidade autónoma que teña a competencia de emprego delegada. E os xestionados ou homologados polo Escola Galega de Administración Pública, por centros de formación de persoal do emprego público ou polas organizacións sindicais ou outros promotores dentro do marco dos acordos de formación para o emprego das administracións públicas, vixentes no momento da súa realización ou polas distintas universidades, ata un máximo de 3 puntos e conforme a seguinte escala:

Curso de menos de 20 horas..... 0,20 por curso ata 1 punto

Curso de 21 a 100 horas..... 0,40 por curso ata 2 puntos

Curso de mais de 100 horas..... 0,60 por curso ata 3 puntos

En ningún caso puntuaranse no presente subapartado os cursos pertencentes a unha carreira universitaria, cursos de doutoramento e os dos diferentes institutos das universidades cando formen parte do plan de estudos do centro, nin os cursos derivados de procesos selectivos, promoción interna, plans de emprego e adaptación do réxime xurídico á natureza dos postos que se ocupan.

Así mesmo e no suposto de cursos impartidos, estes valoraranse unha soa vez, non sendo susceptibles de ser valoradas sucesivas edicións dun mesmo curso.

3.- Titulacións académicas oficiais, ata un máximo de 5 puntos.

A puntuación realizarase conforme a seguinte escala e excluíndose a titulación académica oficial que serviu para o acceso ao corpo ou escala en que estea clasificado o posto obxecto da convocatoria:

- Por cada titulación universitaria de diplomatura ou de primeiro ciclo universitario: 1,00 punto.

- Por cada titulación universitaria de licenciatura ou grao: 1,25 puntos.

- Por cada titulación de máster oficial ou título de doutor: 1,50 puntos.

4.- Docencia sobre materias relacionadas directamente coa actividade a desenvolver puntuación máxima 3,5 puntos.

0,15 puntos por mes.

5.- Participación activa en Cursos relacionados directamente coa actividade a desenvolver: Puntuación máxima por este concepto 1,5 puntos.

0,30 puntos por curso no que se participou como organizador, relator, etc.

6.- Publicacións relacionadas directamente coa actividade a desenvolver: Puntuación máxima 1,5 puntos.

0,30 puntos por publicación

7.- Coñecemento de Galego: Puntuación máxima por este concepto 0,75 puntos.

Curso de Iniciación..... 0,50 puntos

Curso de Perfeccionamento..... 0,75 puntos

A valoración do coñecemento de galego realizarase puntuando exclusivamente o maior nivel obtido, e sempre que non sexa un requisito da posición debidamente establecida na convocatoria.

A puntuación máxima nos méritos é de 29,25 puntos.

8.-Entrevista Persoal: 0,75 puntos

A entrevista, será curricular, ligada necesariamente a aspectos curriculares relevantes para o posto dos candidatos, revestirá un carácter meramente complementario ou accesorio, complementando ós méritos establecidos nestas bases.

A calificación definitiva obterase da suma das puntuación obtidas para os aspirantes na fase de Concurso mais a que obteñan na entrevista persoal.

10ª.- RELACIÓN DE APROBADOS

a) O Tribunal, unha vez realizada a valoración publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina Web do concello de Bóveda <http://www.concellodeboveda.com> , a relación de aprobados por orde de puntuación, comunicandoo por correo electrónico os aspirantes.

b) Calquera proposta contraria o establecido nestas Bases será nula de pleno dereito.

c) As persoas interesadas terán un prazo de dez días hábiles para formular as alegacións que estimen pertinentes.

As reclamacións non poderán comportar a invocación nin acreditacións doutros méritos non alegados na solicitude inicial.

d) Concluído o período de alegacións establecido, O Tribunal fará público no taboleiro de edictos do Concello e na Sede Electrónica do mesmo o resultado definitivo do proceso.

e) Á vista da expresada publicación, a Alcaldía aprobará a constitución dunha bolsa de traballo temporal, ordenada en función da puntuación alcanzada.

11ª.- NOMEAMENTO NA PRAZA DE TRABALLO

Cando cumpra a cobertura temporal nos supostos previstos, efectuarase chamamento a favor da persoa aspirante que alcanzase a maior puntuación segundo a orde de preferencia determinado e acredite os requisitos esixidos para participar no proceso selectivo.

Os chamamentos seguirán rigorosa orde de prelación establecido na bolsa.

O chamamento realizarase a través dos dous medios de localización establecidos na súa solicitude dentro do horario de 8:00 a 12:00 horas de luns a venres, e informaráselles das circunstancias do posto de traballo ofertado.

Iniciarase o chamamento polo medio escollido. Se é o telefónico, realizaranse dous intentos telefónicos cunha separación temporal mínima de tres horas. Avisarase ás primeiras tres persoas da bolsa, avisando da orde no que teñen preferencia para aceptar.

Se ás 15:00 horas non respondese ás chamadas telefónicas, enviarase un correo electrónico informándolle do posto de traballo ofertado e do número de teléfono ao que deberá chamar tanto para aceptar como para rexeitar o posto ofertado.

As persoas avisadas dispoñen ata as 13:00 horas do día hábil seguinte, para aceptar ou rexeitar a oferta mediante chamada telefónica ou correo electrónico. Se non é posible a súa localización ou no prazo non responden á oferta, dúas funcionarias ou funcionarios dilgenciarán dita circunstancia.

Se as primeiras persoas non fosen localizadas ou non aceptasen o nomeamento no prazo, contactarase coas seguintes persoas candidatas que corresponda pola orde establecida na bolsa de emprego temporal.

A renuncia supón a exclusión definitiva da persoa aspirante na bolsa de traballo, salvo que concorra algunha das seguintes circunstancias que impidan o desempeño do posto e que sexan debidamente acreditadas:

1. Por acharse de permiso por paternidade, maternidade, ou calquera outro de longa duración que impida a súa inmediata incorporación.
2. En caso de maternidade, se a renuncia da nai prodúcese no sétimo mes de embarazo e a décimo sexta semana posterior ao parto, ou décimo oitava se o parto é múltiple.
3. Por garda con fins de adopción ou acollemento se a renuncia prodúcese dentro das dezaseis semanas posteriores á decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento, ou da resolución xudicial pola que se constituía a adopción. En caso de garda con fins de adopción ou adopción múltiple, o prazo para a renuncia será de dezaioito semanas.
4. Por falecemento dun familiar de primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou afinidade, co límite de ata 5 días hábiles e por hospitalización, accidente ou enfermidade grave de familiar cos mesmos graos de parentesco, co límite do día hábil seguinte á finalización da situación.
5. Por matrimonio ou inscrición como parella de feito no Rexistro Civil, se a renuncia prodúcese dentro dos 15 días naturais seguintes ou anteriores á celebración ou inscrición no citado rexistro.
6. Por enfermidade común ou accidente profesional.
7. Cando o posto ofertado teña unha xornada igual ou inferior ao 50 % respecto a a ordinaria.

Nestes supostos, respectarase a orde da persoa aspirante para cando se produza nova vacante, debendo acreditar documentalmente este extremo; pola contra, será excluída da lista.

A persoa aspirante dispoñerá dun prazo máximo de dous días hábiles desde o chamamento para achegar ao negociado de Persoal a documentación orixinal dos requisitos do posto e dos méritos alegados. En caso de non ser acreditada, quedará excluída da bolsa e procederase ao chamamento do seguinte aspirante. A chegada a mesma e achada conforme, a concellería o Alcalde ditará resolución para o nomeamento con carácter temporal sen que o mesmo outorgue dereito algún para o seu ingreso definitivo na Administración pública.

No suposto de aspirantes empatados na total puntuación, o chamamento resolverase a favor do sexo que estivese infrarrepresentado dentro do colectivo de persoas que formen parte do corpo ou escala obxecto da convocatoria e, de persistir o empate, resolverase a favor da persoa de maior idade.

A duración do nomeamento será o que corresponda en función das necesidades para as que se efectúa o mesmo.

Finalizada a vixencia do nomeamento, non se poderá formalizar outro novo ata que non se esgote a lista e, no seu caso, correspondéselle novamente por quenda.

12ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

O aspirante proposto para a contratación presentará no negociado de Persoal do Concello, no prazo de dous días hábiles contados dende o seguinte ó do chamamentobdos seguintes documentos:

- a) Documento nacional de identidade.
- b) Certificado de nacemento, expedido polo rexistro civil correspondente.
- c) Fotocopia compulsada do título de diplomado social.
- d) Certificado médico no que se acrediten os extremos sinalados na Base 3ª.
- e) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública, en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Se dentro do prazo indicado e, excepto os casos de forza maior, os aspirantes propostos non presentasen a documentación esixida ou do exame da mesma se comprobasen que carece dalgún dos requisitos sinalados na Base 3ª, quedarán anuladas tódalas actuacións perdendo todo o dereito ó seu nomeamento, sen perxuízo das responsabilidades que poideran serlle esixidas, por falsidade ou calquera outra.

13ª.- CESAMENTO NO POSTO DE TRABALLO

O cesamento do persoal persoal laboral temporal producirase cando desaparezan as circunstancias que deron lugar ao seu nomeamento, xa provéase por persoal laboral fixo o posto, por amortización, cando se produza un incumprimento sobrevido dos requisitos esixidos para o seu nomeamento, como consecuencia da modificación da clasificación do posto de traballo ou por calquera das causas enumeradas na normativa.

Así mesmo, o laboral temporal cesarán no posto de traballo por renuncia expresa voluntaria.

14ª.- PROTECCIÓN DE DATOS.

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámoslle que os datos persoais que fosen facilitados polos aspirantes serán incluídos nos ficheiros do Concello, como participante nos procesos de selección de persoal, para xestionar o contacto e os procesos de selección para cobertura de vacantes que realice o Concello, aceptando as bases que rexan as convocatorias de selección.

Os/as aspirantes autorizan igualmente, que as listas cos/as aspirantes admitidos/ as, excluídos/ as e as que conteñan os resultados do proceso de selección e o resultado final deste, poderán ser publicados no taboleiro de anuncios, sede electrónica e na páxina web da Concello de Bóveda, para facilitar o control e a transparencia do proceso de selección.

Os/as aspirantes poderán exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición recoñecidos pola LOPD mediante solicitude escrita e asinada dirixida ó Alcalde do Concellode Bóveda á seguinte dirección Avda. Alfonso XIII, n.º 85 27340 Bóveda, ou por medio da Sede Electrónica do concello: <https://concellodeboveda.sedelectronica.es/info.0> , achegando en todo caso copia do seu DNI, pasaporte ou permiso en vigor de traballo e residencia en España, segundo proceda. En caso de modificación dos seus datos, deberá notificalo ó mesmo enderezo, declinando toda responsabilidade para o Concello en caso de non facelo.

15ª.- NORMAS DA CONVOCATORIA

O proceso selectivo axustarase ao establecido nas presentes bases e no non previsto nas bases, será de aplicación do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo; o Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

16ª.- . RECURSOS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

MODELO DE INSTANCIA PARA SOLICITA-LA ADMISIÓN NO CONCURSO PARA CUBRIR EN REXIME DE INTERINIDADE, UNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL.

D./DNA. _____
de ___ anos de idade, con domicilio en _____, Rúa _____,
nº _____, C.P. _____, tfno.: _____ e D.N.I. nº _____, con teléfono de
contacto nº.: _____ e Correo electrónico _____,
ante vostede comparezo para manifestar:

Que desexo participar no Concurso para seleccionar integrantes dunha Bolsa de Emprego, en réxime de interinidade unha praza de Traballador/a Social, según Bases aprobadas por Decreto da Alcadlía nº.:0260/2020 de data 28/05/2020.

Que reúno todos e cada un dos requisitos da convocatoria e comprométome, no caso de obte-la praza, a xurar ou prometer lealtade o Rei, respecto os dereitos da persoa e estricta observancia da lei, achegando os seguintes documentos xustificativos dos méritos:

-
-
-

Por todo ó exposto SOLICITO:

A miña admisión para participar no Concurso.

Bóveda a ___ de _____ de

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello [<http://concellodeboveda.sedelectronica.es>]

Bóveda, 28 de maio de 2020.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López.

R. 0982

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTE 559/2020. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA PREZO PÚBLICO ESCOLAS DEPORTIVAS DE INVERNO 2019-2020.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesións celebradas o día 13 de maio de 2020, prestou aprobación inicial ao Padrón Fiscal do Prezo Público pola prestación do servizo de escolas deportivas municipais de inverno 2019-2020 de 2.343,00 €, correspondendo as tarifas por actividade e por neno a 33 € por un período de cinco meses e medio. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. De acordo co establecido na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, o prazo para interpoñer recursos de reposición empezará a contarse desde o 30 de maio de 2020.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno. Advertir aos interesados que a efectos do cómputo dos prazos procesais, segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no seu apartado 1º, suspéndense os termos e interrómpanse os prazos previstos nas leis procesuais para todas as ordes xurisdiccionais. O cómputo dos prazos renovarase no momento en que perda vixencia o real decreto ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes terán que facer efectivo o pago nalgunha das entidades colaboradoras con conta aberta do Concello de Burela. Fíxase o período voluntario de cobramento en dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 20 de maio de 2020.- O Alcalde - Presidente, Alfredo Llano García.

R. 0963

O CORGO

Anuncio

APERTURA DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DUN ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA/ FORESTAL NIVEL 2 MECES (PLAN ÚNICO 2019; FOMENTO DE EMPREGO DE 2019).

Faise público que a partir do día seguinte a publicación deste edicto no BOP de Lugo, iniciase un prazo de 5 días hábiles para a presentación de solicitudes, para participar no procedemento convocado por Resolución da Alcaldía de 10 de marzo de 2020.

As bases reguladoras deste procedemento foron publicadas no BOP de Lugo de 16 de marzo deste ano.

Conforme a Resolución da Alcaldía de 28 deste mes, admítese a instancia presentada por D. Rubén López Redondo con DNI 33****79-R

O Corgo, 29 de maio de 2020.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 0983

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de marzo de 2020, que comprende un total de 29 recibos por un importe de 1.011,50 euros.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondentes ao mes de marzo de 2020, terá lugar dende o día 16/05/2020 ao 16/07/2020 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 18 de maio de 2020.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0984

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrancia e dependencia, correspondente aos meses de xaneiro e febreiro de 2020, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrancia: 3.012,76 €
- Modalidade dependencia: 13.216,66 €

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrancia e dependencia correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2020, terá lugar dende o día 13/05/2020 ao 13/07/2020 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 18 de maio de 2020.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0985

LOURENZÁ*Anuncio***EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. ABRIL 2020**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 8 de maio de 2020, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Abril de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de mil oitocentos oitenta euros con corenta e cinco céntimos de euro (1.880,45 €) , dos que mil douscentos sesenta e nove euros con vinte céntimos de euro (1.269,20 €) correspondente a dependencia , e seiscentos once euros con vinte e cinco céntimos de euro (611,25€) son de libre concorrència.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 13 de maio de 2020.- A Alcaldesa - Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 0964

MURAS*Anuncio***DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)**

Visto o informe da Traballadora Social do Concello , no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo/hora, achega mensual e o número de horas que foron atendidas no mes de Xaneiro 2020.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Xaneiro 2020, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO:

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Xaneiro 2020. O padrón correspondente ao mes de Xaneiro consta de 55 contribuíntes (18 de libre concorrència e 37 de dependencia) e un importe total de 5.016,98 € (1.205,49 € persoas usuarias de libre concorrència e 3.811,49 € persoas usuarias de dependencia).

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, 18 de maio de 2020.- Sr. Alcalde, Don Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de Marzo).

R. 0986

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol, en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de abril de 2020, prestou aprobación aos seguintes Padróns:

- **Padrón da TAXA de AUGA correspondente ao 4º TRIMESTRE de 2019.**
- **Padrón da TAXA de LIXO correspondente ao 1º TRIMESTRE de 2020.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fixase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 1 de xuño de 2020 ata o 3 de agosto de 2020, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao

debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 7 de maio de 2020.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0965

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourol en sesión extraordinaria celebrada o día 15 de maio de 2020, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de ABRIL de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** por importe de mil douscentos trinta e nove euros con noventa e oito céntimos (1.239,98 €), dos que cento noventa e cinco euros con sesenta céntimos (195,60 €) corresponden a libre concorrencia e mil corenta e catro euros con trinta e oito céntimos (1.044,38 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 19 de maio de 2020.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0966

SAMOS

Anuncio

En cumprimento do establecido no artigo 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de réxime local, faise público que por resolución de Alcaldía de data 27/05/2020 aprobáronse as **"BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO SELECTIVO DE TRES TRABALLADORES ENCARGADOS DA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA, CAMPAÑA 2020, DURANTE A VIXENCIA DO CONVENIO SUBSCRITO COA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL"**. e ábrese un período de presentación de instancias de cinco (5) días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do presente Anuncio no B.O.P. de Lugo.

O texto íntegro da citada Resolución de Alcaldía e as Bases poderán consultarse no taboleiro de anuncios físico do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica no enlace concellosamos.sedelectronica.gal.

Samos, 27 de maio de 2020.- O Alcalde, Julio Gallego Moure.

R. 0967

O VICEDO

Anuncio

Por resolución da Alcaldía de 11 de maio de 2020 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso oposición, do persoal laboral temporal que máis abaixo se relaciona:

- 1 xefe de brigada de prevención e defensa contra incendios forestias para a brigada municipal, a xornada completa, para a campaña de incendios 2020 (3 meses)
- 1 peón - conductor de prevención e defensa contra incendios forestias para a brigada municipal, a xornada completa, para a campaña de incendios 2020 (3 meses).
- 3 peóns de prevención e defensa contra incendios forestias para a brigada municipal, a xornada completa, para a campaña de incendios 2020 (3 meses).
- 3 conductores para a prestación do servizo municipal de motobomba, a xornada completa, para a campaña de incendios 2020 (2,5 meses).

O prazo para a presentación de solicitudes é de dez días naturais, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán consultar as bases no taboleiro de edictos do Concello do Vicedo, no blog de emprego do Concello no seguinte enderezo: empregovicedo.blogspot.com ou na páxina web www.concellodovicedo.org.

O Vicedo, 12 de maio de 2020.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0853

VIVEIRO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 02 de xuño, o Orzamento Xeral do Concello de Viveiro para o ano 2020, así como a plantilla de persoal, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.

Viveiro, 3 de xuño 2020.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1062

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 02 de xuño, o Plan Económico Financeiro para o período 2020-2021, en cumprimento do disposto no artigo 23.4 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, exponse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Viveiro, 3 de xuño 2020.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1063

XERMADE*Anuncio***Exposición pública conta xeral 2019**

Formulada e rendida a conta xeral correspondente ao exercicio de 2019 e informada pola Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 27 de maio de 2020, exponse ao público, cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta entidade polo espazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que se estimen pertinentes, durante dito prazo de exposición e os oito seguintes días, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985 de 2 de abril e o 212.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Xermade, 27 de maio de 2020.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0986